



RAGC/ REAL ACADEMIA
GALEGA DE CIENCIAS

Día da Ciencia en Galicia

2020. **Andrés Comerma i Batalla**

Premios de Investigación Ernesto Viéitez

Medallas de Investigación

Programa

Benvida e apertura do acto

Vídeo homenaxe “Andrés Comerma, un home do renacemento no século XIX”

Conferencia “Andrés Comerma, un personaxe polifacético”

Prof. Dr. D. Luis Puig Mosquera, bisneto de Andrés Comerma

Entrega dos Premios de Investigación Ernesto Viéitez Cortizo 2020

Entrega das Medallas de Investigación da Real Academia Galega de Ciencias 2020

Intervención do Presidente da Real Academia Galega de Ciencias

Prof. Dr. D. Juan M. Lema Rodicio

Peche do acto a cargo do Presidente da Xunta de Galicia

D. Alberto Núñez Feijoo



RAGC/ REAL ACADEMIA
GALEGA DE CIENCIAS

Día da Ciencia en Galicia

2020. **Andrés Comerma i Batalla**

Premios de Investigación Ernesto Viéitez

Medallas de Investigación



8 de outubro de 2020. 19 h.

Salón Nobre do Colexio de Fonseca

Santiago de Compostela

ANDRÉS A. COMERMA I BATALLA

Enxeñeiro ao servizo da sociedade

Naceu en Valls (Tarragona) en 1842. Con 21 anos chegou a Ferrol ao acadar unha praza na Escola de Enxeñeiros da Armada. Nesta cidade pasaría gran parte da súa vida. Comezou a súa carreira profesional no Arsenal de Ferrol como alférez de navío do Corpo de Enxeñeiros, profesor de Física e Xeometría da Maestranza e enxeñeiro auxiliar do estaleiro, e remataría como Xeneral da Armada, tendo ao longo da súa dilatada vida profesional diversas responsabilidades como profesor da Escola de Enxeñeiros da Armada, director dos estaleiros e agregado naval da embaixada española en Londres.

Mantivo unha actividade social e cultural moi intensa, contribuíndo á divulgación dos coñecementos máis avanzados da época en artigos de prensa, libros e conferencias, introducindo numerosas innovacións tecnolóxicas en Galicia, coma os raios X e a telefonía, e proxectando obras de mellora da súa cidade, coma os xardíns das Angustias e o Hospital da Mariña.

Foi presidente do Casino, da xunta de accionistas do Teatro Jofre, da xunta técnica da Sociedad Eléctrica Popular Ferrolana e da rondalla Airiños da Miña Terra, e director do Ateneo.



CIENTÍFICO GALEGO 2020

Andrés Avelino Comerma é recoñecido pola comunidade científica como unha das figuras máis relevantes da tecnoloxía naval española dos últimos séculos. Foi o autor do proxecto e director da construción da obra máis importante realizada en Galicia durante todo o século XIX: o Dique da Campá no Arsenal de Ferrol, tamén coñecido como Dique de San Julián, que polas súas dimensións se converteu nun dos máis grandes do mundo na súa época.

Como director do estaleiro de Ferrol, dirixiu a construción de embarcacións moi diversas, desde fragatas acoirazadas ata cruceiros como o Reina Cristina, Isabel II e Alfonso XII, que foron os primeiros buques con casco de aceiro da Armada, e iniciou a do cruceiro protexido Alfonso XIII, que chegaría a ser o buque insignia da Armada Española.

Uns anos máis tarde, presentou o que foi o seu proxecto máis ambicioso: a unión de Europa e África mediante a construción dun túnel submarino baixo o estreito de Xibraltar. A súa proposta, de 19 km. de lonxitude e máis de 800 metros de profundidade nalgúns tramos,

quedou no papel polos receos diplomáticos do Reino Unido, a pesares de ter sido aprobado pola Cámara dos Deputados en 1883. Académico correspondente da Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas y Naturales de España e membro de numerosas sociedades científicas internacionais, sendo membro de honra da The Society of Telegraph Engineers and of Electricians e socio fundador da Societé Internationale des Électriciens. Recibiu numerosas condecoracións e distincións.